



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Intervención en saúde e educación social

Materia	Intervención en saúde e educación social			
Código	005G130V01902			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Failde Garrido, Jose Maria			
Profesorado	Failde Garrido, Jose Maria			
Correo-e	jfailde@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

## Competencias de titulación

Código	
A1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
A5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
A6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
A7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicarlas ás realidades socioeducativas
A9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
A10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
A12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
A20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
A22	Estar comprometido coa calidade de actuación e moverse de acordo cos principios deontolóxicos do/a educador/a social
B1	Capacidade de análise e síntese
B3	Comunicación oral e escrita na/s lingua/s materna/s con apertura a outros códigos lingüísticos, en especial, as linguas cooficiais na comunidade galega
B4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
B6	Resolución de problemas e toma de decisións
B8	Capacidade crítica e autocrítica
B9	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos doutras áreas e en distintos contextos
B11	Habilidades interpersoais
B12	Compromiso ético
B13	Autonomía na aprendizaxe
B15	Creatividade
B20	Orientación á calidade

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenrolo dos procesos socioeducativos relacionados coa saúde.	A1 A4 A5	
Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional no ámbito da intervención en saúde.	A1 A6	B1 B8
Asesorar na elaboración e aplicación de planes, programas, proxectos e actividades socioeducativas relacionadas coa intervención preventiva e correctiva en saúde.	A20	B1 B3 B11
Deseño, implementación e avaliación de programas e proxectos relacionados coa saúde no ámbito da educación especializada.	A4 A9 A10 A12 A22	B9 B11 B12 B15 B20
Capacidade para o análise crítico e para o traballo en equipo		B6 B8 B11
Adquirir competencias científicas básicas para a busca e revisión bibliográfica en temas de Promoción e Educación para a Saúde	A7	B1 B4 B13 B20

### Contidos

Tema	
Bloque I: Aspectos conceptuais básicos	TEMA 1. Apuntes históricos e aproximación o concepto de saúde. TEMA 2. Determinantes da Saúde TEMA 3. Promoción i educación para a saúde. TEMA 4. Intervención en saúde. A perspectiva preventiva e correctiva.
Bloque II: Modelos teóricos e intervención en saúde	TEMA 5. Modelo de Creencias de Saúde. TEMA 6. Modelo Precede. TEMA 7. Modelo de Acción Razonada. TEMA 8. Outros modelos.
Bloque III: Deseño e planificación de intervencións preventivas nos principais problemas de Saúde. O papel do Educador Social.	TEMA 9. Directrices para o deseño e Planificación de intervencións preventivas. TEMA 10. Deseño e planificación de intervencións preventivas en problemas de saúde (trastornos mentais, conducta alimentaria, educación sanitaria[], etc.).
Bloque IV: Revisión de Programas de Promoción i Educación para a Saúde. O papel do Educador Social.	TEMA 11. Revisión e discusión crítica de programas de Promoción i Educación para a saúde. O papel do Educador Social (trastornos mentais, conducta alimentaria, educación sanitaria[], etc.).

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Seminarios	15	15	30
Tutoría en grupo	8	8	16
Traballos tutelados	0	27	27
Sesión maxistral	22	11	33
Probas de tipo test	2	40	42

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Presentación do docente e programa da materia. Avaliación inicial de expectativas, coñecementos e actitudes.
Seminarios	Actividades enfocadas o traballo sobre un tema específico. Empregaranse como complemento das sesións maxistras, para desenvolver competencias instrumentais relacionadas con marco teórico da materia.
Tutoría en grupo	Entrevistas que o alumno/a mantén co profesor da materia para o asesoramento/orientación de actividades da materia (especialmente os traballos tutelados) e do proceso de aprendizaxe.

Traballos tutelados	Todo estudante, de xeito individual ou grupal de 2-4 alumnos/as, debe elaborar un traballo sobre unha tema específico da materia. Trátase dunha actividade autónoma do alumnado que inclúe a elección da temática, a procura, revisión e recollida de información, a lectura e manexo de bibliografía, a elaboración do informe do traballo (introducción, desenvolvemento da temática, conclusións, valoracións persoais, bibliografía, etc.). O alumnado de forma optativa poderá facer outros traballos.
Sesión maxistral	Exposición xeral, por parte do docente, dos contidos da materia e das bases teóricas e/ou directrices do traballo a desenvolver polo alumnado. As derradeiras sesión adicaránse ás exposicións, por parte do alumnado, dos seus traballos tutelados.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	 A atención personalizada levarase a cabo de dúas formas: 1. Na aula, durante as sesións de titoría en mediano grupo. 2. No despacho do docente no horario de titoría. E ademáis, o alumnado poderá comunicar co profesor sempre que o necesite a través do correo electrónico ou a través da plataforma tema.
Titoría en grupo	 A atención personalizada levarase a cabo de dúas formas: 1. Na aula, durante as sesións de titoría en mediano grupo. 2. No despacho do docente no horario de titoría. E ademáis, o alumnado poderá comunicar co profesor sempre que o necesite a través do correo electrónico ou a través da plataforma tema.
Traballos tutelados	 A atención personalizada levarase a cabo de dúas formas: 1. Na aula, durante as sesións de titoría en mediano grupo. 2. No despacho do docente no horario de titoría. E ademáis, o alumnado poderá comunicar co profesor sempre que o necesite a través do correo electrónico ou a través da plataforma tema.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Seminarios	Consistirán en sesións eminentemente prácticas desenvolvidas na aula (Role playing, Philips 6.6, estudo de casos, reestructuración cognitiva, etc.). relacionados coas temáticas da materia. Controlarase a asistencia.	5
Traballos tutelados	O alumnado realizará traballos, individuais ou en pequenos grupos que serán tutelados polo docente. Estes traballos serán expostos ao gran grupo nas derradeiras sesións maxistráis.	30
Sesión maxistral	Avaliaranse as 2-4 sesións de exposicións dos traballos tutelados do alumnado. Para a avaliación terase en conta as competencias de comunicación oral e o rigor a hora de presentar o traballo realizado polo alumnado. Controlarase a asistencia en todas as sesións maxistráis.	5
Probas de tipo test	Consistirá nunha proba obxectiva de opción múltiple de resposta.	60

### Outros comentarios sobre a Avaliación

REQUISITO PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS DE AVALIACIÓN: O alumnado deberá entregar a súa ficha debidamente cumprimentada nun prazo máximo de tres semanas facendo constar expresamente a modalidade elixida, o que implica contactar necesariamente co profesorado a principios de curso para comunicarlle a súa elección e poder ser convenientemente avaliado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: Terán a consideración de non asistentes, aqueles alumnos/as que non teñan acadado o 80% da asistencia as sesións presenciais, ou ben aqueles que antes da primeira semana de novembro non houberen notificado a o profesor a modalidade de asistencia elixida. Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes criterios, sendo obrigatorio para a superación da materia, ter participado, alomenos, nos dou primeiros apartados, dos catro que a continuación se describen, e obter a cualificación final superior a cinco, como resultado da aplicación da seguinte fórmula:

$$PF = ne + p + rt + pv$$

PF = Puntuación final na asignatura.

ne = Nota examen.

p = Cualificación da práctica.

rt = Revisión teórica sobre un tema.

pv = Puntuación na práctica voluntaria.

1. Proba obxectiva: Ata 10 puntos, debendo o alumno/a acadar un mínimo de 5 puntos para superala asignatura (a nota total suporá o 60% da cualificación da asignatura).
2. Traballo individual tutelado: Valorarase ata 2 puntos, sendo a nota mínima para aprobar a actividade o 1. Unha puntuación por debaixo de ésta suporá o suspenso na actividade e tamén na asignatura (a nota total suporá o 25% da cualificación do alumno).
3. Revisión teórica: ata 1 punto pola realización de un traballo teórico tutelado referido a unha temática relacionada co marco teórico-práctico da materia (a nota total suporá o 10% da cualificación do alumno).
4. Traballos voluntarios: ata 1 puntoa (a nota total suporá o 10% da cualificación do alumno). , que unicamente se sumarán se o alumno obtén, alomenos as puntuacións mínimas nas actividades básicas de cualificación (proba obxectiva, traballo individual e revisión teórica).

SEGUNDA CONVOCATORIA: Para a convocatoria de xullo conservaranse as calificacións das competencias acadadas polo alumnado nas probas superadas na convocatoria de xuño. É dicir, na convocatoria de xullo examínanse só das competencias/partes/probas non superadas na convocatoria anterior.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

- Costa Cabanilla, M. & López Mendez, E., **Educación para la salud.**, Madrid: Pirámide.,
- Fernández Ríos, L., **Manual de Psicología Preventiva. Teoría y práctica.**, Madrid: Siglo Veintiuno de España Editores S.A.,
- Gallar, M., **Promoción de la salud y apoyo psicológico al paciente**, Madrid: Thomson Paraninfo,
- López L.A. & Aranda, J.M., **Promoción de la salud: un enfoque en salud pública.**, Granada: Junta de Andalucía.,
- Molina, M.C. & Fortuny, M., **Experiencias educativas para la promoción de la salud y la prevención.**, Barcelona: Leartes.,
- Montorio, I. & Izal, M., **Intervención psicológica en la vejez. Aplicaciones en el ámbito clínico y de la salud.**, Madrid: Editorial Síntesis.,
- Morillejo, E., Pozo, C. & Martos, M.J., **Intervención psicosocial y evaluación de programas en el ámbito de la salud.**, Jaén: Formación Alcalá.,
- Rosales, C. & González, M.E., **Promoción de la salud en la universidad.**, Santiago de Compostela: Tórculo Ediciones.,
- Rodríguez-Marín, J. & Neipp, M.C., **Manual de psicología social de la salud**, Madrid: Editorial Síntesis,
- Sáez, S., Marqués, F. & Colell, R., **Educación para la salud.**, Lleida: Pàge Editors.,
- Serrano González, M.I., **La educación para la salud del siglo XXI: Comunicación y salud.**, Madrid: Díaz de Santos.,

Recoméndase visitar e seguir o curso virtual da materia na plataforma TEMA (FAITIC):

---

### **Recomendacións**